


Unidade 9 - Proba

Cualificación

Nome e apelidos

Data

1. Completa o texto coas palabras do recadro. (1 punto)



paz

resolución

conflicto

Todo o mundo debería loitar por evitar calquera tipo de _____ e vivir en _____. Para iso, deben tomarse decisións para procurar unha boa _____.

2. Escribe as siglas correspondentes a cada grupo de palabras. (1 punto)

Educación Secundaria Obrigatoria: _____

Amnistía Internacional: _____

Diario Oficial de Galicia: _____

Intelixencia Artificial: _____

Sistema Monetario Internacional: _____

3. Escribe os signos de interrogación e exclamación segundo corresponda. (1 punto)

Non imaxinas o que me custou chegar ata aquí, verdade _____

Probaches as filloas con nata que prepara o tío Luís _____ Están boísimas _____

Mira que llelo dixemos centos de veces. A ver se desta aprenden _____

Estamos seguros de que chegarán a tempo. A que hora é a comida _____

4. Neste texto hai partes en que faltan as parénteses. Escríbeas onde cumpra. (2 puntos)



Aquel monte estaba habitado por unha chea de animais coellos, raposos, serpes... que non eran perigosos, mais impoñían respecto. Naquela estación primavera era moi doado velos corricando dun lado para o outro. Ademais, Monterroso en Lugo conformábanos moitos núcleos de poboación.

Unidade 9 - Proba

Nome e apelidos

Data

5. Transforma as oracións en voz pasiva para que estean en activa e viceversa. (2 puntos)

O avó pintou o floreiro. → _____

O poema foi escrito por Lois. → _____

As aspas son movidas polo vento. → _____

Xián abrazou a Ana. → _____

A médica diagnosticou a varíola. → _____

6. Marca cun X as afirmacións verdadeiras sobre o cómic. (1 punto)

O cómic componse exclusivamente de debuxos e onomatopeas.

As viñetas son os globos que conteñen os pensamentos.

Os globos conteñen os diálogos ou os pensamentos dos personaxes.

As cartelas conteñen a voz do narrador, e adoitan ter forma rectangular.

Os globos de diálogo e de pensamento teñen distinto formato.



7. Pensa nun suceso real ou inventado e escribe unha noticia sobre el. (2 puntos)

